



REPASO CCSS 5º



- 1** As estacións do ano son consecuencia do movemento de...
 - a. rotación da Terra.
 - b. translación da Terra.
 - c. a Lúa.
- 2** No movemento de translación, a Terra tarda en completar unha volta...
 - a. un ano.
 - b. un día.
 - c. 28 días.
- 3** A capa rochosa da Terra é a...
 - a. biosfera.
 - b. codia.
 - c. xeosfera.
- 4** O desgaste das rochas e dos solos pola acción do vento ou da auga chámase...
 - a. erosión.
 - b. transporte.
 - c. sedimentación.
- 5** En España existen os climas...
 - a. oceánico, mediterráneo e de montaña.
 - b. oceánico, mediterráneo, subtropical e de montaña.
 - c. oceánico, mediterráneo e subtropical.
- 6** Nas zonas costeiras as temperaturas son...
 - a. máis moderadas ca nas zonas de interior.
 - b. máis extremas ca nas zonas de interior.
 - c. semellantes ás das zonas de interior.
- 7** A latitude dun lugar indícanos a...
 - a. localización dese lugar na Terra.
 - b. distancia que separa ese lugar do meridiano de Greenwich.
 - c. distancia que separa ese lugar do ecuador.
- 8** Os Pireneos, o Sistema Ibérico e o Sistema Costeiro-Catalán rodean a...
 - a. depresión do Ebro.
 - b. depresión do Guadalquivir.
 - c. Meseta.
- 9** A institución encargada de elaborar as leis da UE é...
 - a. a Comisión Europea.
 - b. o Parlamento Europeo.
 - c. o Consello da Unión Europea.
- 10** A Constitución española aprobouse en...
 - a. 1968.
 - b. 1978.
 - c. 1983.

